

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

Vista, a convocatoria realizada para a selección con carácter laboral temporal - polo prazo de 6 meses e xornada completa, de 1 Monitor deportivo, Programa Reforzo do Emprego (Financiado pola Deputación de Lugo), publicada no BOP de Lugo nº 133, de 10/06/2024, no Taboleiro Municipal de Anuncios e na Páxina Web.

Vistas, as solicitudes presentadas ao efecto,

De conformidade coas bases de selección e en virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local, pola presente,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar a lista provisional e definitiva de admitidos e excluídos no citado procedemento selectivo integrada polos seguintes aspirantes:

Admitidos:

| NOME E APELIDOS | D.N.I. |
|------------------------|---------------|
| SANTIAGO ROUCO PAREDES | *****716Q |
| DAVID PENA ROIBAS | *****455M |

Excluídos: Non hai.

SEGUNDO. Neste suposto que non é obxecto de exclusión de candidatos, nin é necesario o trámite de emenda polos aspirantes, ditase unha soa resolución coa lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publica no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web www.concellodebegonte.es

TERCEIRO. Designar ao Tribunal cualificador do devandito proceso selectivo composto polas seguintes persoas:

Presidenta: Dna. M^a Jesús Blanco Prado, Empregada pública do Concello de Begonte
Suplente: Dna. Elisa Muñoz Álvarez, Empregada pública do Concello de Baralla

Vogais:

Titular: Dna. Sara Martínez Ferreiro, Empregada público do Concello de Begonte.
Suplente: Dna. Mónica Vázquez Fandiño, Empregada pública do Concello de Láncara.
Titular: D. Isaac López Villamor, Empregado público do Concello de Begonte
Suplente: D. José López González, Empregado público do Concello de Dozón.
Titular: D. Antonio Lorenzo Morandeira, Empregado público do Concello de Begonte
Suplente: D. José Angel Balseiro Amido, Empregado público do Concello de Rábade.

Secretario: D. Antonio Lorenzo Morandeira, Empregado público do Concello de Begonte

Suplente: Titular: D. Isaac López Villamor, Empregado público do Concello de Begonte



CUARTO. Convocar ao Tribunal cualificador para o vindeiro o día 5 de xullo de 2024, ás 10:30 horas no Local do Telecentro, sito na Planta Baixa da Antiga Cámara Agraria (Praza Irmáns Souto Montenegro, s/n / Begonte), para a súa constitución e proceder a continuación á realización da proba teórica e á posterior valoración de méritos aos candidatos.

Convocar asemade, en único chamamento, aos aspirantes admitidos aos efectos da realización da proba teórica da fase de oposición, que se desenvolverá ese mesmo día 5 de xullo de 2024, ás 11:00 horas, no lugar arriba sinalado.

A valoración de méritos terá lugar ese mesmo día a continuación da proba práctica.

* Os aspirantes deberán ir provistos de D.N.I. ou documento identificativo.

QUINTO. Publicar esta resolución no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, no Taboleiro de anuncios da [sede electrónica do Concello de Begonte e Páxina Web](#), coa indicación de que contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ante esta Alcaldía ou directamente recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do edicto.

Mándao e asínao o sr. Alcalde Presidente, en Begonte, de todo o cal eu secretario dou fe.

O ALCALDE/PRESIDENTE.

O SECRETARIO/INTERVENTOR.

